

Abramos o círculo

REQUISITOS PARA ACCEDER AO PROGRAMA

O acceso é gratuíto e anónimo.

Teléfono de contacto: **630 170 140** (de 10 a 13 horas e de 16 a 19h.)

MÁIS INFORMACIÓN

Secretaría Xeral da Igualdade

Edif. Adtvo. San Lázaro, s/nº. 15781 Santiago

Teléfono: 981 957 699

Enderezo electrónico: vx.igualdade@xunta.es

Páxina web: www.igualdadegalicia.org

www.mulleresengalicia.com

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira 10-baixo. 15706 Santiago

Teléfono: 981 534 049

Enderezo electrónico: prog_copg@correo.cop.es

Páxina web: www.copgalicia.es

**Atención psicolóxica
especializada a homes
que queiran aprender a
resolver conflitos
sen violencia.**

que é Abramos o círculo?

É un programa, desenvolvido a través dun convenio de colaboración asinado entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que ten por obxecto a atención psicolóxica especializada dirixida a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella, coa súa familia, e desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade.

O programa ofrece dúas áreas de atención:

- Información.
- Intervención psicolóxica personalizada.

OBXECTIVOS

- Previr a violencia de xénero.
- Ofrecer información e terapia psicolóxica a homes que queiran aprender a resolver conflitos sen violencia e a comunicarse mellor coa súa familia e coa súa parella.

PERSOAS ÁS QUE SE DIRIXE

Homes con problemas de control da violencia que desexen:

- Aprender a resolver conflitos sen violencia e a comprender a natureza da violencia.
- Aprender a comunicarse mellor.
- Relacionarse coas mulleres con respecto e igualdade.
- Educar os seus fillos e fillas en igualdade.
- Asumir hábitos positivos de relación e convivencia.

PRESTACIÓN DO SERVIZO

O programa conta cun psicólogo/a coordinador/a e cunha rede de profesionais da psicoloxía acreditados/as, que levarán a cabo a intervención profesional á que se refire o programa en toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

REDE DE TERAPEUTAS DO PROGRAMA ABRAMOS O CÍRCULO. 2015

PROVINCIA DA CORUÑA

Concello	Nº terapeutas
A CORUÑA	11
ARTEIXO	1
CARBALLO	1
CULLEREDO	1
FERROL	3
NARÓN	2
RIBEIRA	1
SADA	1
SANTIAGO	11
SIGÜEIRO-OROSO	1
	33

OURENSE

Concello	Nº terapeutas
OURENSE	5
VERIN	1
	6

PROVINCIA DE LUGO

Concello	Nº terapeutas
LUGO	3
	3

PROVINCIA PONTEVEDRA

Concello	Nº terapeutas
A ESTRADA	1
CALDAS	1
CAMBADOS	1
CANGAS	2
GONDOMAR	2
MARÍN	1
MOAÑA	3
NIGRÁN	1
PONTEVEDRA	11
REDONDELA	1
TUI	1
VIGO	13
VILAGARCÍA	3
	41

TOTAL GALICIA 83

